	B4.1, 4.2	B4.1	B4.1	CCL,CAA,CSC, CCEC, CD	Escrebe correspondencia persoal en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos, narra actividades e experiencias presentes e pasadas e intercambia información e opinións sobre temas concretos de interese persoal ou educativo.	100%	16%	80%						20%					x	x	x			x	
	B4.1	B4.2	B4.2	CCL,CAA,CSC, CCEC, CD	Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso.	50%	2%							80%		20%				x	x	x			x
	B4.1	B4.5	SLE B4.3	CCL,CAA,CSC, CCEC, CD	Escrebe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.	50%	2%							80%		20%				x	x	x			x
	B5.1, 5.2	B5.1, 5.2	SLE B5.1	CCL,CAA,CSC, CCEC	Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	50%	2%							50%		50%				x	x				
B5.1, 5.2, 5.3	B5.3.5.4	SLE B5.2	CCL,CAA,CSC, CCEC	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa interese e respecto polas diferencias culturais.	50%	2%							50%		50%				x	x	x			x	
B5.5, 5.6, 5.7	B5.6, 5.7	SLE B5.5	CCL,CAA, CSC,CCEC	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios.	100%	24%	80%						20%					x	x	x					

1º BACH

2ª Aval		Relación de aspectos curriculares para cada unidade				Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación							Temas transversais											
Tema/UD	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific.	Instrumentos					Temas transversais											
								Prob oral	Prob escrita	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV			
5, 6, 7 G.L. 1	B1.3	B1.1	SLE B1.1	CCL,CAA, CSC, CCEC	Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada).	50%	2%						50%		50%				x	x				
	B1.1	B1.2	SLE B1.2	CCL,CAA,CSC, CCEC, CD	Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes ou conversas gravadas ou de viva voz, sobre temas coñecidos, sempre que poida volver a escoitar o dito ou pedir confirmación.	100%	16%	80%					10%		10%				x	x				
	B1.1	B1.5	SLE B1.6	CCL, CAA,CSC, CCEC, CD	Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese, entrevistas en televisión ou programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua.	50%	2%						50%		50%				x	x				
	B2.1, 2.2, 2.3	B2.1, 2.2	SLE B2.1	CCL,CAA CSC, CCEC,CD	Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos do seu interese e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.	100%	16%	80%					10%		10%			x	x	x	x	x		
	B2.1, 2.2, 2.3	B2.1, 2.2, 2.3	SLE B2.3	CCL,CAA, CSC,CCEC	Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás habituais ou menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estancia noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, lecer, saúde, autoridades).	50%	2%						50%		50%			x	x		x	x		
	B3.1	B3.1	SLE B3.1	CCL,CAA,CSC, CCEC,CD	Identifica a información máis importante en textos xornalísticos de xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten de temas xerais e coñecidos e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos.	50%	2%						80%		20%	x		x	x		x			
	B3.1	B3.2	SLE B3.2	CCL,CAA,CSC, CCEC,CD	Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos, de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese.	100%	8%	80%						10%		10%	x		x	x		x		
	B3.2	B3.4	B3.6	CCL,CAA,CSC, CCEC,CD	Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).	50%	2%							80%		20%	x		x	x		x		
	B3.1	B3.5	SLE B3.7	CCL, CAA, CSC, CD	Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados cos seus intereses.	50%	2%							80%		20%	x		x	x		x		
	B4.1, 4.2	B4.1	B4.1	CCL,CAA,CSC, CCEC, CD	Escribe correspondencia persoal en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos, narra actividades e experiencias presentes e pasadas e intercambia información e opinións sobre temas concretos de interese persoal ou educativo.	100%	16%							80%		20%		x	x	x		x		
	B4.1	B4.2	B4.2	CCL,CAA,CSC, CCEC, CD	Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso.	50%	1%							80%		20%		x	x	x		x		
	B4.1, 4.2	B4.1, 4.4	SLE B4.4	CCL,CAA,CSC, CCEC, CD	Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e as normas de cortesía e cunha presentación limpa e ordenada do texto.	50%	2%							20%				x	x	x		x		
	B4.1, 4.3	B4.1, 4.5	SLE B4.5	CCL,CAA,CSC, CCEC	Escribe nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema académico, facendo breves descrições e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, introdución, corpo do texto, e se é o caso, conclusión e bibliografía).	50%	1%							80%		20%	x	x	x	x		x		
	B5.1, 5.2	B5.1, 5.2	SLE B5.1	CCL,CAA,CSC, CCEC	Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	50%	2%							50%		50%		x	x					
	B5.1, 5.2, 5.3	B5.3,5.4	SLE B5.2	CCL,CAA,CSC, CCEC	Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa interese e respecto polas diferencias culturais.	50%	2%							50%		50%		x	x	x		x		
B5.5, 5.6, 5.7	B5.6, 5.7	SLE B5.5	CCL,CAA, CSC,CCEC	Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios.	100%	24%	80%						20%			x	x	x						

LENDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LENDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

(1) A partir de cada estándar pódese determinar “**indicadores de logro**” máis precisos que indiquen o nivel de adquisición do mesmo. (O instrumento máis idóneo é a rúbrica).

(2) As **rúbricas** soen utilizarse para avaliar as producións do alumnado: traballos de aplicación, sínteses e textos escritos,...

NOTA: As indicacións numéricas de identificación de contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación son as que aparecen no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

PROCEDEMENTOS, CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

As instrucións do 27 de abril de 2020 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional din nas súas directrices xerais o seguinte con respecto á avaliación (puntos 6.9 e 7.2):

6.9. Avaliación e cualificación do alumnado: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

7.2. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

E nas directrices específicas referidas á Educación Secundaria obrigatoria indícase nos puntos 3.4, 3.5, 3.6 e 3.7 correspondentes aos procedementos de avaliación:

3.4. Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020.

3.5. Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo, formativo e integrador, a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou alumna.

3.6. En ningún caso, o alumno ou alumna poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre, e non poderá ver minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores.

3.7. Os centros educativos poderán realizar actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico, polo mesmo mecanismo co que cada centro se viñese comunicando co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial.

Por outra banda, na Programación Didáctica da materia sinálase o seguinte:

“Ao finalizar cada trimestre farase unha proba oral e escrita da unidade ou unidades estudadas.

Nela valoraranse os estándares de aprendizaxe básicos establecidos para os cinco bloques (comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos, produción de textos escritos e coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe).

Na proba correspondente á terceira avaliación valoraranse así mesmo os estándares de aprendizaxe básicos establecidos para a primeira e segunda avaliación.

A valoración dos distintos bloques nas probas trimestrais será a seguinte:

- Comprensión de textos orais: 20 % da proba.*
- Produción de textos orais : 20 % da proba.*
- Comprensión de textos escritos: 10% da proba.*
- Produción de textos escritos: 20% da proba.*
- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe: 30% da proba “.*

Tendo en conta todo isto, dado que non se avanzaron contidos durante o terceiro trimestre e que non é posible a realización dunha proba presencial, o procedemento para a avaliación será o seguinte: propoñeranse unha serie de **actividades substitutivas da proba oral e escrita** para a súa realización e envío por parte dos alumnos e alumnas a través de correo electrónico nun prazo determinado, relacionadas cos distintos estándares de aprendizaxe básicos establecidos para a primeira e a segunda avaliación. A valoración dos distintos bloques a través destas actividades seguirá sendo a mesma que tiñan na proba oral e escrita presencial, é dicir:

- Comprensión de textos orais: 20 %.
- Produción de textos orais : 20 %.
- Comprensión de textos escritos: 10% .
- Produción de textos escritos: 20 %.
- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe: 30 %.

Os bloques de comprensión e expresión oral valoraranse na medida do posible, podendo ser substituídos por unha actividade de carácter escrito dada a dificultade para a realización dunha actividade oral non presencial, especialmente no caso da produción oral.

Para cada bloque farase a media entre as actividades realizadas referidas ao mesmo bloque no caso de que se establecese máis dunha actividade por bloque.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O conxunto de actividades substitutivas da proba oral e escrita cualificarase cunha nota numérica sobre 10, é dicir, a nota máxima que se pode obter neste conxunto de actividades é 10, sendo necesario obter un 5 para aprobar.

O peso da nota deste conxunto de actividades substitutivas da proba na cualificación final da terceira avaliación seguirá sendo un 80%.

En canto ao 20% restante da cualificación final isto é o que se dicía na Programación Didáctica da materia:

“O 20% restante da cualificación final de cada avaliación corresponderá a observación do traballo do alumno na clase e a súa actitude cara á materia, o traballo no caderno persoal e a realización de tarefas (en grupo, en parella ou de forma individual).

A cuantificación numérica deste 20% farase a partir do total das anotacións diarias da profesora no seu caderno de clase durante o trimestre. Estas anotacións basearanse na observación do traballo do alumno e a súa actitude en clase e o seu traballo no caderno persoal. A porcentaxe de valoracións positivas sobre o total das anotacións constituirá o 20 % da nota da avaliación.

No que respecta ao caderno persoal, a revisión do mesmo ao final do trimestre servirá para confirmar esa nota do 20% ou ben axustala”.

Dada a situación actual de clases non presenciais durante o terceiro trimestre do curso, a valoración deste 20% da nota farase a través da serie de tarefas de repaso, reforzo e recuperación propostas desde a suspensión das clases presenciais, en concreto, no caso da ESO, catro tarefas correspondentes as unidades 0-1, 2, 3 e 4 do libro do alumno respectivamente, e no caso de Bacharelato, tarefas correspondentes as unidades 1 a 7 do libro de texto.

Así terase en conta:

- O interese e esforzo polo seguimento da materia a través da aula virtual desde o comezo da suspensión das clases.
- O esforzo na realización das tarefas seguindo as indicacións sinaladas: realización das mesmas e posterior corrección por medio dos ficheiros proporcionados a través da aula virtual.
- A súa entrega dentro do prazo sinalado.

NOTA: a nota final obtida na terceira avaliación debe sempre beneficiar ao alumno ou alumna con respecto á segunda avaliación, segundo as instrucións da Consellería do 27 de abril de 2020. En caso contrario, a nota do alumno ou alumna na terceira avaliación será a mesma que obtivo na segunda avaliación, tendo en consideración que a avaliación na materia de Francés é de carácter continuo.

OBSERVACIÓNS:

- No que respecta ao conxunto de actividades substitutivas da proba oral e escrita non se terán en conta as actividades enviadas fóra do prazo establecido a non ser que se presente un documento xustificativo expedido pola entidade correspondente da imposibilidade da súa realización dentro do prazo por razóns de forza maior.

O motivo deste requisito é o de garantir a igualdade de oportunidades ao conxunto de alumnos e alumnas do seu grupo.

- Se se descubren indicios de que algún alumno ou alumna copiou a actividade por algún medio, esta non lle será tida en conta nin lle será substituída por ningunha outra tarefa equivalente polos mesmos motivos expostos no parágrafo anterior.

A continuación reproducimos o sinalado na Programación Didáctica con respecto á avaliación na materia de Francés e a súa adaptación ao terceiro trimestre.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo, ...

A nota en cada avaliación debe ser un número enteiro. A nota máxima será un 10, sendo necesario obter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

O 80% da nota corresponderá á proba oral e escrita realizada ao final do trimestre. No caso deste terceiro trimestre, corresponderá a un conxunto de actividades substitutivas da proba oral e escrita.

O 20% restante corresponderá á observación realizada polo profesor sobre o traballo diario do alumno que neste terceiro trimestre farase a partir da serie de tarefas de recuperación, repaso e reforzo propostas desde a suspensión das clases presenciais (catro tarefas en total, correspondentes as unidades 0-1, 2, 3 e 4 do libro de texto respectivamente).

Como se recupera unha proba non superada?

Dado o carácter da materia, na que os novos contidos van integrando de maneira global aos contidos anteriores, e na que a aprendizaxe se fai de maneira progresiva a través do traballo diario, non se realizarán recuperacións das probas de avaliación de cada trimestre.

En caso necesario, estableceranse actividades de reforzo, como fichas para o tratamento da diversidade individual e outros exercicios complementarios para aqueles alumnos que o precisen.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Tendo en conta o sinalado no apartado anterior, a recuperación dunha avaliación terá lugar no seguinte trimestre, cando a nota obtida polo alumno na avaliación correspondente a ese trimestre sexa positiva (5 ou maior de 5).

Se o alumno non obtén unha nota positiva nese segundo trimestre, seguirá a materia durante o seguinte trimestre co resto dos alumnos, realizando, se o precisa, actividades de reforzo e complementarias. Se alcanza o aprobado na avaliación correspondente a este trimestre (o terceiro), entón a materia do curso estará aprobada. En caso contrario o alumno deberá acudir a proba da avaliación extraordinaria de setembro.

PROCEDEMENTO DA AVALIACIÓN FINAL

Quen debe ir á avaliación final?

Como xa se explicou anteriormente, dadas as características da materia, non haberá proba de avaliación final. Deste modo, os alumnos que teñan suspensa a terceira avaliación, deberán acudir á proba da avaliación extraordinaria de setembro.

A nota da avaliación final corresponderá á nota da terceira avaliación.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc.?

A nota da avaliación final será a nota da terceira avaliación. Para a obtención desta nota seguiranse os criterios sinalados máis arriba.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO

Procedemento de avaliación extraordinaria

Proba extraordinaria de setembro.

A proba da avaliación extraordinaria de setembro terá soamente carácter escrito debido as circunstancias propias desta avaliación, que imposibilitan a realización dunha proba oral, e corresponderá ás unidades didácticas estudadas durante o curso que para o presente curso académico e dadas as circunstancias especiais de suspensión das clases, son as unidades estudadas no primeiro e no segundo trimestre. Esta proba terá un carácter similar ás probas realizadas durante o curso.

Nela valoraranse os estándares de aprendizaxe básicos establecidos para os cinco bloques (comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos, produción de textos escritos e coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe). Os bloques de comprensión e expresión oral valoraranse na medida do posible. A porcentaxe de cada bloque será o mesmo que para as probas realizadas durante o curso:

- Comprensión de textos orais: 20 %.
- Produción de textos orais : 20 %.
- Comprensión de textos escritos: 10% .
- Produción de textos escritos: 20 %.
- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe: 30 %.

As probas cualificaranse cunha nota numérica sobre 10, é dicir, a nota máxima que se pode obter na proba é 10, sendo necesario obter un 5 para aprobar.

Como se cualifica, redondeos, etc.?

A nota da avaliación extraordinaria será un número enteiro, sendo necesario obter como mínimo un 5 para aprobar a materia.

O peso da nota da proba na cualificación desta avaliación extraordinaria será dun 80%.

O 20% restante da cualificación corresponderá á observación feita polo profesor sobre as actividades de reforzo propostas ao alumno para a súa realización durante o verán (10%), ademais de terse en conta tamén o traballo do alumno ao longo do curso, tanto durante as clases presenciais como durante as clases non presenciais, a realización de tarefas, o esforzo, a participación en clase, o traballo individual e en grupo, a actitude de respecto e colaboración cos compañeiros e co profesor, e o interese pola materia (o 10% restante).

AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes

Proba final de avaliación de pendentes.

Os alumnos coa materia de Francés pendente durante este curso, optaron pola opción A dentro das opcións a escoller ao comezo do curso para o seguimento da materia no caso de que esta tivera continuidade. Esta opción supón o seguimento e recuperación da materia pendente por medio da avaliación continua. Dado que non obtiveron cualificación positiva en ningunha das avaliacións trimestrais realizadas ata o momento, deberán realizar a proba final da avaliación de pendentes.

A data para a realización desta proba será a partir do 9 de xuño. Será de tipo presencial e terá un carácter similar á proba extraordinaria de setembro.

Segundo as instrucións da Consellería poderase realizar unha proba telemática se a situación non permite a realización dunha proba presencial e así mesmo poderá ser substituída “pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva”. Neste caso os alumnos deberán realizar un conxunto de actividades substitutivas da proba oral e escrita.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

A proba extraordinaria da avaliación de pendentes terá un carácter similar á proba extraordinaria de setembro.

Como se cualifica, redondeos, etc.?

As probas cualificaranse cunha nota numérica sobre 10, é dicir, a nota máxima que se pode obter nunha proba é 10, sendo necesario obter un 5 para aprobar.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE

ACTIVIDADES

Durante o terceiro trimestre levaranse a cabo actividades que servirán de reforzo e de repaso para todo o alumnado e de recuperación para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes básicas durante os dous primeiros trimestres do curso. Non se abordarán os contidos didácticos que estaban programados para o terceiro trimestre, polo que estas actividades referiranse ós contidos didácticos correspondentes ao primeiro e ao segundo trimestre.

METODOLOXÍA

As estratexias metodolóxicas corresponden ao método de aprendizaxe utilizado, que segue sendo neste terceiro trimestre para a ESO o método *Parachute*, da editorial Santillana, e para Bacharelato *Génération Lycée* tamén da editorial Santillana. Estas estratexias aparecen explicadas na Programación Didáctica da materia e son adaptadas agora á situación de clases non presenciais.

Deste modo, a aula virtual do instituto substitúe as clases presenciais e a través dela comunícanse ao alumnado as tarefas a realizar e as indicacións necesarias para a realización das mesmas. O envío de tarefas faise a través do correo electrónico.

En canto aos alumnos e alumnas non conectados, tratarase de contactar con eles e as súas familias por medio dos seus titores, de *Abalar Móbil* e da dirección do centro para tratar de solucionar calquera problema que puidesen ter para o seguimento das clases non presenciais.

MATERIAIS E RECURSOS

Os materiais e recursos utilizados son:

- A aula virtual.
- O correo electrónico.
- Os libros do alumno en papel (*Parachute* e *Génération Lycée*).
- Os libros do alumno interactivos *Parachute* que a editorial Santillana puxo libremente á disposición do alumnado na súa páxina *web* durante este período de suspensión das clases presenciais. Os libros interactivos ofrecen a posibilidade de acceder ós contidos do libro de texto sobre a pantalla do ordenador e ás pistas audio que permiten escoitar todas as gravacións.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Informarase por medio deste documento ao alumnado e ás familias das adaptacións realizadas na Programación Didáctica da materia de Francés para este terceiro trimestre a través da páxina *web* do centro e daráselle publicidade a través de *Abalar Móbil*.

O alumnado será ademais informado a través do foro da aula virtual e resolveranse todas as dúbidas que teñan ao respecto mediante o correo electrónico ou a mensaxería da aula virtual.

A xefa do Departamento: MARÍA PILAR COBO RODRÍGUEZ